

IV CONCURSO DE FOTOGRAFIA “MANUEL FERROL”

A asociación Cultural Cultura Aberta de Carral convoca o IV Concurso de fotografía Manuel Ferrol. Este concurso contempla entre os seus obxectivos reivindicar a figura e obra do fotógrafo Manuel Ferrol representativo de toda unha época da cultura galega inspirándose na súa obra (<http://www.manuelferrol.com/>).

A temática deste concurso versará sobre retrato, reportaxe e tradición.

Pode participar calquera profesional ou afeccionado/a maior de 18 anos, ou menores de idade, debendo presentar neste caso a correspondente autorización asinada polo titor/a ou representante legal para a participación no concurso.

Cada participante pode presentar un máximo de 4 obras, formadas por fotografías inéditas e exclusivas. Non se admitirán, polo tanto, fotografías que teñan recibido premios anteriormente. Quedarán automaticamente fora de concurso aquelas fotografías que leven sinatura ou calquera outra marca identificativa.

Cada obra deberá levar o título na parte traseira, seguido do pseudónimo do/a concursante.

As fotografías presentaranse obrigatoriamente en papel fotográfico, cunha dimensión mínima de 20 x 25 cms e máxima de 30 x 40 cms ou combinacións similares dentro dos lindes expostos. O papel fotográfico ten que vir nun sobre pechado coidando que non se altere a superficie da fotografía e non sufra desperfectos.

As fotografías serán destruídas unha vez finalizado o prazo legal de alegacións tras ser elixidos os gañadores.

Queda a libre elección dos participantes o tipo de técnica a empregar (analóxica ou dixital) e a modalidade branco e negro ou cor. Así mesmo, deberase achegar unha copia nun CD, en formato JPEG cunha resolución mínima de 300 ppp, tamaño mínimo 15x20 cm e compresión mínima.

Cada participante manifesta e garante que é o único/a autor/a das fotografías e titular de todos os dereitos de autor/a sobre as mesmas. A asociación presupoñ que o/a autor ten permiso dos/as retratados/as. En todo caso, calquera reclamación neste sentido será sempre contra o/a autor/a das fotografías, eximindo á organización de dita responsabilidade.

As fotos premiadas serán cedidas a organización quen compartirá co autor os dereitos de difusión e das mesmas.

Os traballos serán entregados debidamente protexidos e dentro dun sobre pechado na Casa da Cultura de Carral (Só é un punto de recollida e entrega, para calquer dúbida porse en contacto cos membros da organización, os datos están ao final das bases).

Rúa Paleo Nº 17, 15175 Carral, A Coruña.



Dentro do sobre incluírase a/as fotografía/s, a folla de inscrición, o cd coa copia dixital das fotografías e **noutro sobre totalmente pechado** indicárase no exterior oseudónimo utilizado. O sobre pechado conterá a seguinte documentación: fotocopia do DNI, datos do participante (nome, enderezo, teléfono, e-mail, pseudónimo utilizado para presentar a fotografía e declaración xurada de que as fotografías non foron premiadas noutros concursos) así como un breve curriculum relativo á súa traxectoria no eido da fotografía.

A data límite de presentación é o día **17 de Decembro de 2021**

Das obras presentadas o xurado escollerá as mellores, que pasarán a formar parte da exposición do concurso.

Outorgaranse tres premios que estarán suxeitos á preceptiva retención fiscal, non serán entregados en metálico senon mediante cheque ou transferencia bancaria.

1º premio: 600 euros

2º premio: 350 euros

3º premio: 250 euros

O xurado poderá outorgar mencións honoríficas sen valor económico, atendendo á calidade das obras.

O xurado estará constituído por persoal cualificado en fotografía.

O concurso poderá declararse nulo en caso de que a participación sexa escasa. Neste caso comunicáraselle aos inscritos.

A decisión do xurado farase pública durante o mes Febreiro de 2022.

Establécese un período de dez días dende a decisión do xurado para presentar alegacións por incumprimento das bases.

O título do traballo gañador e o nome e apelidos do autor daranse a coñecer mediante unha comunicación persoal ao autor e nas redes sociais do concurso.

A presentación de traballos neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases. O incumprimento dalgún dos apartados nas mesmas levarían implícita a exclusión do concurso da obra presentada. Se as bases fosen modificadas a criterio da organización, comunicáraselle oportunamente a todos os interesados.

As fotografías achegadas para o concurso cancelado por mor do Covid-19 entrarán a formar parte desta edición automaticamente.

Para calquer dúbida podense poñer en contacto cos organizadores no seguinte correo electrónico **concursomanuelferrol@gmail.com** ou ben no teléfono **617 263 155**.



IV Concurso de Fotografía Manuel Ferrol

FOLLA DE INSCRIPCIÓN

Pseudónimo.....

Nome da/s Fotografía/s

-.....

-.....

-.....

-.....

Data da entrega (a cubrir pola persoa que recolla o sobre, se fose mandado por correo, collerase a data do selo de correos)

.....

Asinado

.....



DATOS PERSOAIS

(Serán entregados nun sobre pechado co nome do pseudónimo no exterior)

PSEUDONIMO.....
NOME.....
DNI.....**Telf.**.....
Enderezo.....
E-mail.....

Terá que achegar:

- Fotocopia do DNI
- Breve curriculum relativo á súa traxectoria no eido da fotografía

AUTORIZACIÓN

(Cumplimentar só no caso de que o participante sexa menor de idade, achegalo no sobre pechado con todos os datos persoais)

D./DNA.....

con **DNI**..... e Telf.....

Pai/Nai/Titor Legal de.....

con **DNI**.....

Enderezo.....

Coa presente firma dalle permiso ao concursante a presentarse libremente ao concurso.

Neste caso teríase que achegar a fotocopia do DNI do menor e do representante legal

Asinado

.....

